Animation made for the NGO Infancia Solidaria. It focuses on their surgical aid work for children in developing countries.

Curso/*Grade*: 1º PRODUCIÓN AUDIOVISUAL E ESPECTÁCULOS.

VERSOS POST MORTEM

VERSES POST MORTEM
2021 / ESPAÑA / 14 MIN
FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN. UNIVERSIDADE DE VIGO

David e os seus amigos realizan un ritual de ouija para falar con alguén moi importante para el. Mais a situación escala rápidamente cando establecen contacto co espírito.
David and his friends perform an Ouija ritual to talk to the spirit of someone very important to him. But the situation escalates rapidly when they make contact.

Curso/*Grade*: 3º COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL.

ESCOLAS INTERNACIONAIS

INTERNATIONAL SCHOOLS

LUNS 19 ÁS 11:00 HORAS
MONDAY 19TH, 11:00 AM

FRUTO DO VOSSO VENTRE
YI YI
FALL OF IBIS KING
JOY
AN OSTRICH TOLD ME THE WORLD IS FAKE AND I THINK I BELIEVE IT
ES MUSS

E
I

FRUTO DO VOSSO VENTRE

FROITO DO VOSO VENTRE / FRUIT OF THY WOMB
2021 / PORTUGAL / 20 MIN
FÁBIO SILVA

Un fillo descobre as vellas cintas de 8mm do seu pai. E, por primeira vez, ve imaxes anteriores ao seu nacemento, infancia e adolescencia. Mentres as ve, o fillo volve á casa onde unha vez creceu, inicia unha pescuda sobre os seus pais, para entender o trauma que viviu toda a súa vida.
A son discovers the old 8mm tapes of his father. And for the first time sees footage previous to his birth, childhood and adolescence. While watching it the son returns to the house where he once grew, he starts an investigation about his parents, in order to understand the trauma that he lived his whole life.

REPARTO/*CAST*: Cesaltina Tavares Silva, Fábio Silva.

FÁBIO SILVA
(fabiosilva17@msn.com)
A morte de Isaac (2020)
Hip to da hop (2018)

PORTUGUESE SHORT FILM AGENCY - EMANUEL OLIVEIRA
(emanuel@curtas.pt).

YI YI

O TEMPO FLÚE DE FORMA ESTRAÑA OS DOMINGOS / TIME FLOWS IN STRANGE WAYS ON SUNDAYS
2021 / SINGAPUR / 17 MIN
GISELLE LIN

Unha nai, atrapada na comodidade do recordo e o loito, enfróntase á súa dor cando é convidada á voda da noiva da infancia do seu fillo falecido.
A mother, trapped in the comfort of memory and mourning, confronts her grief when she is invited to the wedding of her late son's childhood sweetheart.

REPARTO/*CAST*: Peter Yu, Wendy Toh, Iris Li.

GISELLE LIN
(xqgiselle@hotmail.com)
Esta é a súa primeira curta.
This is her first film.

CLYDE KAM
(clydekam.ck@gmail.com)

FALL OF THE IBIS KING

A CAÍDA DO REI IBIS
2021 / IRLANDA / 10 MIN
MIKAI GERONIMO, JOSH O'CAOIMH

O antagonista dunha ópera escura vólvese cada vez máis inquieto tras o improbable regreso do antigo actor principal.
The antagonist of a dark opera becomes increasingly unsettled following the unlikely return of the former lead actor.

REPARTO/*CAST*: Anna Lawlor, Jack McHugh, Sean McManus, Conor McNally, Ava Farrel

MIKAI GERONIMO, JOSH O'CAOIMH
(falloftheibisking@gmail.com)
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is their first short film.

VARICOLOURED - LARA CASIRATI
(lc@varicoloured.eu)

JOY

JOY
2021 / REINO UNIDO / 20 MIN
ALEXANDRA BRODSKI

Jacob, un rapaz en réxime de internamento de menores, está desesperado por volver ao mundo exterior. Cando coñece a súa compañeira Joy, unha nena de 10 anos misteriosamente magnética, atopa un inesperado sentimento de pertenza que pronto tomará un xiro máis estraño.
Jacob, a resident in child detention is desperate to get back to the outside wold. When he meets fellow inmate Joy, a mysteriously magnetic 10-year-old girl, he finds an unexpected sense of belonging which will sooner take a weirder turn.

REPARTO*/CAST*: Juliet Cowan, Okorie Chukwu, Olivia Booth-Ford.

ALEXANDRA BRODSKI
(alexandrabrodski@gmail.com)
Rooftop Refugee (2018)
Nina (2017)
Walya (2017)

HINTERLAND PICTURES - SABINA SMITHAM
(sabina@hinterlandpictures.co.uk)

AN OSTRICH TOLD ME THE WORLD IS FAKE AND I THINK I BELIEVE IT

UNHA AVESTRUZ DÍXOME QUE O MUNDO É FALSO E PENSO QUE O CREO
2021 / AUSTRALIA / 11 MIN
LACHLAN PENDRAGON

Cando un mozo teleoperador enfróntase a unha misteriosa avestruz parlante, decátase de que o universo é unha animación en stop motion. Debe deixar de lado as súas minguantes vendas de tostadoras e centrarse en convencer aos seus colegas do seu aterrecedor descubrimento.
When a young telemarketer is confronted by a mysterious talking ostrich, he learns that the universe is stop motion animation. He must put aside his dwindling toaster sales and focus on convincing his colleagues of his terrifying discovery.

REPARTO*/CAST*: John Cavanagh, Lachlan Pendragon, Michael Richard

LACHLAN PENDRAGON
(lachlan.pendragon@hotmail.com)
The Toll (2017)

LACHLAN PENDRAGON
(lachlan.pendragon@hotmail.com)

ES MUSS

DEBERÍA / IT MUST
2021 / SUÍZA / 18 MIN
JUMANA ISSA, FLAVIO LUCA MARANO

No transcurso dun mesmo día humillante, Silvia é despedida do seu traballo a pesar de que lle faltan un par de anos para xubilarse, a policía múltaa nun control de tráfico e a directora do coro da súa igrexa quítalle o papel de solista. Durante o ensaio do Ave María, Silvia decide deixarse levar nun acto de resistencia silenciosa.
During the course of the same humiliating day, Silvia is fired from her job even though she is just a couple of years away from retirement, the police fine her in the course of a traffic check, and the director of her church choir takes away the solo part from her. During the rehearsal of the Ave Maria, Silvia decides to just let go in an act of silent resistance.

REPARTO/*CAST*: Corina Glauss

JUMANA ISSA
(jumana.isabella@gmail.com)
1473 (2020)
Dried out, we had forgotten our speech (2019)
Martha (2018)

FLAVIO LUCA MARANO
(lukes.marano@gmail.com)
1473 (2020)
Miro (2016)

JUMANA ISSA
(jumana.isabella@gmail.com)
FLAVIO LUCA MARANO
(lukes.marano@gmail.com)

FICBUEU 2022

SECCIÓNS PARALELAS

PARALLEL SECTIONS

Información dos 42 filmes que conforman as distintas seccións paralelas do FICBUEU 20022.

Information about the 42 films that make up the different parallel sections of FICBUEU 2022.

RETROSPECTIVA IIEC-EOC 1: ANOS 50

IIEC-EOC RETROSPECTIVE 1: 1950s

LUNS 12 ÁS 17:00 HORAS
MONDAY 12TH, 5:00 PM

LA TARDE DEL DOMINGO
EL VIEJECITO
EN EL RÍO
LA LÁGRIMA DEL DIABLO

R
1

LA TARDE DEL DOMINGO

A TARDE DO DOMINGO / SUNDAY AFTERNOON
1957 / ESPAÑA / 32 MIN
CARLOS SAURA

Un domingo calquera de setembro. Clara é unha nova criada que apenas sabe ler, é unha especie de Cincenta á que se explota sen piedade. Clara fai plans para pasar a tarde do domingo en compaña doutras mozas. Acoden a El Retiro de paseo, van a un baile cuns amigos, flirtean, pero Clara séntese angustiada. Séntese illada no medio da xente.
An ordinary Sunday in September. Clara is a young maid who can barely read, a sort of Cinderella who is mercilessly exploited. Clara makes plans to spend Sunday afternoon in the company of other girls. They go to El Retiro for a stroll and then go to a dance with some friends, they flirt, but Clara feels anguished, she feels isolated in the midst of the people.

REPARTO*/CAST*: Leopoldo Arnáiz, Julia María Butrón, Mari Paz Carrero, Pilar García Faure, Francisco Gómez Delgado

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)



EL VIEJECITO

O VELLIÑO / THE OLD MAN
1960 / ESPAÑA / 22 MIN
MANUEL SUMMERS

Esta é a historia dun velliño que non quería morrer.
This is the story of an old man who didn't want to die.

REPARTO/*CAST*: José Vicente Cerrudo, Manuel de Agustina, Emilio Fornet, María Hevia

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

EN EL RÍO

NO RÍO / IN THE RIVER
1960 / ESPAÑA/ 18 MIN
JOSE LUIS BORAU

Un mozo espía aos bañistas no río e namórase dunha turista.
A young man spies on the bathers in the river and falls in love with a tourist.

REPARTO/*CAST*: Wilfredo Casado, Marisa Del Pozo, Manuel Galiana, Francisco Herrera, Ramón A. Tejedor

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

LA LÁGRIMA DEL DIABLO

A LÁGRIMA DO DIAÑO / DEVIL'S TEAR
1961 / ESPAÑA / 20 MIN
JULIO DIAMANTE

O diaño aposta con San Antonio que é quen de corromper a unha moza devota chea de virtude.
The devil bets with Saint Anthony that he is capable of corrupting a young devotee full of virtue.

REPARTO*/CAST*: María Teresa Dressel, Emilio Fornet, Juan Luis Galiardo

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

RETROSPECTIVA IIEC-EOC 2: ANOS SÁENZ DE HEREDIA (1959-63)

RETROSPECTIVE IIEC-EOC 2: THE SÁENZ DE HEREDIA YEARS (1959-63)

MARTES 13 ÁS 17:00 HORAS
TUESDAY 13TH, 5:00 PM

TARDE DE DOMINGO
EL BORRACHO
SOR ANGELINA, VIRGEN
EL NIÑO DE VALLECAS

R
2

TARDE DE DOMINGO

SUNDAY AFTERNOON
1960 / ESPAÑA / 30 MIN
BASILIO MARTÍN PATINO

Unha moza queda soa na súa casa madrileña durante toda a tarde dun domingo calquera. Allea ás ruidosas solicitudes dos seus veciños, ve pasar o tempo, observando os acontecementos cotidianos que se suceden na praza fronte ao seu balcón.
A young woman is left alone in her Madrid home for a whole Sunday afternoon. Oblivious to the noisy requests of her neighbours, she watches the time go by, observing the daily events that take place in the events that take place in the small square in front of her balcony.

REPARTO/*CAST*: Matilde Marcos.

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

EL BORRACHO

O BÉBEDO / THE DRUNK
1962 / ESPAÑA / 19 MIN
MARIO CAMUS

Unha parella aloxa, na súa casa dos suburbios, a un alcohólico atormentado polo seu pasado republicano.
A couple takes an alcoholic into their suburban home. He is tormented by his republican past.

REPARTO*/CAST*: Esmeralda Adam García, Wilfredo Casado, Joaquín Fernández, Felipe Martín Puertas, Sergio Mendizábal.

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

SOR ANGELINA, VIRGEN

SOR ANGELINA, VIRXE / SISTER ANGELINA, VIRGIN
1962 / ESPAÑA / 27 MIN
FRANCISCO REGUEIRO

Sor Angelina volta a casa apenas vintecatro horas. É o reencontro cos seus pais, as súas irmás, as súas antigas amigas e algunhas vivencias que prefire non lembrar.
Sister Angelina returns home only for twenty-four hours. It is a reunion with her parents, her sisters, her old friends and some of her experiences she prefers not to remember.

REPARTO*/CAST*: Concha Gómez Conde, Ángeles Nuevo, María Elena Flores, Coral Pellicer

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

EL NIÑO DE VALLECAS

O RAPAZ DE VALLECAS / THE BOY FROM VALLECAS
1964 / ESPAÑA / 21 MIN
JOSÉ LUIS EGEA

O entrenador dun rapaz de barrio faille renunciar a todo para poder triunfar no boxeo profesional. El Niño de Vallecas deixa traballo, moza e clase social con tal de continuar co éxito.
The trainer of a neighbourhood kid makes him give up everything in order to succeed in professional boxing. El Niño de Vallecas gives up his job, girlfriend and social class in order to achieve success.

REPARTO*/CAST*: Jesús Ciuró, María Elena Flores, Francisco González Selas.

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

RETROSPECTIVA IIEC-EOC 3: ETAPA DE ESPLENDOR I (1963-69): DOS "NOVOS CINES" Á DISIDENCIA

RETROSPECTIVE IIEC-EOC 3: STAGE OF SPLENDOUR I (1963-69): FROM THE "NEW CINEMAS" TO DISSIDENCE.

MÉRCORES 14 ÁS 17:00 HORAS
WEDNESDAY 14TH, 5:00 PM

LOS DÍAS PERDIDOS
ÁGATA
LA CAZA DE BRUJAS

R
3

LOS DÍAS PERDIDOS

OS DÍAS PERDIDOS / THE LOST DAYS
1963 / ESPAÑA / 41 MIN
VÍCTOR ERICE

Unha muller española emigrante que traballaba en París regresa a España tras a morte do seu pai. A sucesión de determinados acontecementos fai que tome conciencia do desarraigo de toda a súa vida sentimental.
A Spanish emigrant woman working in Paris returns to Spain after the death of her father. The events make her aware of the uprooting of her whole sentimental life.

REPARTO/*CAST*: Francisco Andrada, María Teresa Dressel, María Elena Flores, Luisa Muñoz

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

ÁGATA

ÁGATA
1966 / ESPAÑA / 18 MIN
IVÁN ZULUETA

A abusiva relación profesional entre Luis, un pintor, e Ágata, a súa traumatizada modelo, dá un xiro inesperado cando ela atopa un misterioso autorretrato del.
The abusive professional relationship between Luis, a painter, and Ágata, his traumatized model, takes an unexpected turn when she finds a mysterious self-portrait of him.

REPARTO*/CAST*: María Trillo, Luis González Páramo, María Victoria Muela, Concha Grégori, Kathryn Waldo, Juan Tébar, Pilar Miró, Vicente Molina Foix

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

LA CAZA DE BRUJAS

A CAZA DE BRUXAS / THE WITCH HUNT
1967 / ESPAÑA / 35 MIN
ANTONIO DROVE

La caza de brujas relata o que acontece nun colexio relixioso cando un cura sorprende a algúns alumnos no cuarto de baño.
The witch hunt tells the story of what happens in a religious school when a priest catches some students in the bathroom.

REPARTO*/CAST*: Joaquín Aparici, Armando P. Beneito, José Antonio Blasco, Rafael Borqué, Esteban Cañas.

Filmoteca Española
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

RETROSPECTIVA IIEC-EOC 4: ETAPA DE ESPLENDOR II (1963-69): EXPLORANDO NOVAS NARRATIVAS

RETROSPECTIVE IIEC-EOC 4: GOLDEN AGE II (1963-69): EXPLORING NEW NARRATIVES

XOVES 15 ÁS 17:00 HORAS
THURSDAY 15TH, 5:00 PM

SOY LEYENDA
APUNTES SOBRE LA TORTURA Y OTRAS FORMAS DE DIÁLOGO
MARGARITA Y EL LOBO

R
4

SOY LEYENDA

SON LENDA / I AM LEGEND
1967 / ESPAÑA / 36 MIN
MARIO GÓMEZ MARTÍN

A historia de Robert Neville, o único supervivinte dun virus que exterminou parte da raza humana convertindo ao resto en vampiros.
The story of Robert Neville, the sole survivor of a virus that has wiped out part of the human race and turned the rest into vampires.

REPARTO/*CAST*: Moisés Menéndez, Ana Castor, Ricardo Palacios, Elisa Ramirez, José María Resel.

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

APUNTES SOBRE LA TORTURA Y OTRAS FORMAS DE DIÁLOGO

APUNTES SOBRE A TORTURA E OUTRAS FORMAS DE DIÁLOGO / NOTES ON TORTURE AND OTHER FORMS OF DIALOGUE
1968 / ESPAÑA / 15 MIN
PATRICIO GUZMÁN

Apuntes sobre la tortura y otras formas de diálogo, mostra torturas realizadas a un prisioneiro por parte dun grupo de militares latinoamericanos, así como a resposta da intelectualidade a esas torturas e outras imaxes satíricas e absurdas.
Notes on torture and other forms of dialogue shows the torture of a prisoner by a group of Latin American soldiers, as well as the response of the intelligentsia to these tortures and other satirical and absurd images.

REPARTO/*CAST*: Antonio Beckwith, Rafael Brenes, Manuel Clavo, Norberto Cuantin, Carlo Lamas, Julio Zacrison

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

MARGARITA Y EL LOBO

MARGARITA E O LOBO / MARGARITA AND THE WOLF
1969 / ESPAÑA / 45 MIN
CECILIA BARTOLOMÉ

No xuízo de separación matrimonial ao que se enfronta Margarita, un xuíz eclesiástico establece que só haberá separación de corpos e bens; o matrimonio é para toda a vida. Ao longo deste atarefado día, imos vendo como foi a súa vida pasada, por medio de lembranzas fragmentarias que se engarzan a través de números musicais.
In the marriage separation trial Margarita is facing, an ecclesiastical judge establishes that there will only be a separation of bodies and property.; the marriage is for life. Throughout this hectic day, we see what her past life has been, through fragmentary memories that are strung together by means of numbers

REPARTO/*CAST*: Julia Peña, José Antonio Amor, Ernesto Martín, Paloma Guzmán, Luis Porcar, Luis F. Amor, Miguel Buñuel.

FILMOTECA ESPAÑOLA
(fondosfilmicos.filmo@cultura.gob.es)

CURTAS EN FAMILIA

FAMILY SHORT FILMS

VENRES 23 ÁS 18:30 HORAS
FRIDAY 23TH, 6:30 PM

HISTOIRE POUR 2 TROMPETTES
DAMN IT!
I'M NOT AFRAID!
KAYAK
LUCE AND THE ROCK
THE SOLOISTS
THE SAUSAGE RUN
SPOON

F

HISTOIRE POUR 2 TROMPETTES

HISTORIA PARA 2 TROMPETAS / A STORY FOR 2 TRUMPETS
2021 / FRANCIA / 5 MIN
AMANDINE MEYER

Histoire pour 2 trompettes é un relato iniciático e íntimo no que a autora narra, en forma de conto, as etapas clave da súa construción como muller e artista.
Histoire pour 2 trompettes is an initiatory and intimate story in which the author tells, in the form of a tale, the key stages of her construction as a woman and artist

AMANDINE MEYER
(amandinemeyer@gmail.com)
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is her first film.

MIYU DISTRIBUTION - LUCE GROSJEAN
(festival@miyu.fr)

DAMN IT!

MALDITA SEXA!
2021 / ALEMAÑA / 1 MIN
ELENA WALF

A ancestral loita entre o ben e o mal.
The ancient struggle between good and evil.

ELENA WALF
(elenawalf@gmail.com)
Bat Time (2015)
Some Thing (2015)
Rotbäckchen (2012)

FILM BILDER - LOUIS HARTMANN
(postpro@filmbilder.de)

I´M NOT AFRAID!

NON TEÑO MEDO!
2022 / NORUEGA -ALEMAÑA / 7 MIN
MARITA MAYER

Durante un xogo ás agachadas, Vanja sae do luminoso salón e entra nun patio pouco iluminado que ten demasiados recunchos escuros, sombras e ruídos estraños. Para superar o medo, Vanja convértese nun perigoso tigre!
During a game of hide and seek Vanja leaves the bright living room and enters a dimly lit courtyard, which has far too many dark corners, weird shadows and strange noises. To overcome the fear, Vanja turns into a dangerous tiger!

MARITA MAYER
(marita.mayer@gmx.de)
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is her first film.

FABIAN&FRED - FABIAN DRIEHORST
(fabian@fabianfred.com)

KAYAK

PIRAGUA
2021 / FRANCIA / 6 MIN
SOLÈNE BOSSEBOEUF, FLORE DECHORGNAT, TIPHAINE KLEIN, AUGUSTE LEFORT, ANTOINE ROSSI

A excursión en piragua dun pai e o seu bebé por un apracible río convértese nunha auténtica aventura familiar.
A father and his baby's kayak outing along a peaceful river turns out to be a real family adventure.

SOLÈNE BOSSEBOEUF, FLORE DECHORGNAT, TIPHAINE KLEIN, AUGUSTE LEFORT, ANTOINE ROSSI
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is their first film.

MIYU DISTRIBUTION - LUCE GOSJEAN
(festival@miyu.fr)

LUCE AND THE ROCK

LUCE E A ROCHA
2022 / BÉLXICA-FRANCIA-PAÍSES BAIXOS / 13 MIN
BRITT RAES

Un día, da nada, unha xigantesca rocha póusase no medio da pacífica aldea onde vive Luce. As persoas do pobo xa non poden nin sequera abrir a porta das súas casas! Luce enfádase: vaite Rocha, non debes estar aquí! E por que estás aquí?
One day, out of nowhere, a giant Rock lays in the middle of the peaceful little village where Luce lives. The villagers can't even open the door to their houses anymore! Luce is angry: go away Rock, you don't belong here! And why are you here anyway?

REPARTO/*CAST*: Fien Raes, Karolien Duellaert, Casper Raes, Bram Meindersma & Susanne Edam

BRITT RAES
(britt.raes@gmail.com)
Catherine (2016)
Child's Play (2013)
The Last Pieces (2011)
Homemade (2011)
(...)

MIYU DISTRIBUTION - ZINEB KHARROUBI
(stagiaire.distribution@miyu.fr)

THE SOLOISTS

AS SOLISTAS
2021 / FRANCIA / 8 MIN
MEHRNAZ ABDOLLAHINIA, FEBEN ELIAS WOLDEHAWARIAT, RAZAHK ISSAKA, CELESTE JAMNECK, YI LIU

Nunha pequena vila rexida por leis ridículas, tres irmás cantantes e o seu can ensaian para o Festival Anual de Outono. Un acontecemento inesperado desbaratará os seus plans.
In a small village ruled by ridiculous laws, three singing sisters and their dog rehearse for the Annual Autumn Festival. But an unexpected event will disrupt their plans.

MEHRNAZ ABDOLLAHINIA, FEBEN ELIAS WOLDEHAWARIAT, RAZAHK ISSAKA, CELESTE JAMNECK, YI LIU
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is his first film.

MIYU DISTRIBUTION - ZINEB KHARROUBI
(stagiaire.distribution@miyu.fr)

THE SAUSAGE RUN

A CARREIRA DA SALCHICHA
2021 / ALEMAÑA-BÉLXICA / 10 MIN
THOMAS STELLMACH

Con cinismo, traxedia e falta de escrúpulos, esta variación do conto de Carapuchiña Vermella mostra como a afección a comer carne conduce á corrupción e a un pacto fatal.
With cynicism, tragedy and unscrupulousness this variation of the fairy tale story Little Red Riding Hood shows how the love of eating meat leads to corruption and a fatal pact.

THOMAS STELLMACH
(thomas@stellmach.com)
Virtuos Virtuell (2013)
Chicken Kiev (2000)
Old Super Lady (1994)
Small Talk (1994)
(...)

THOMAS STELLMACH
(thomas@stellmach.com)

SPOON

CULLER
2022 / FRANCIA / 3 MIN
ARTHUR CHAYS

Escapar da vida cotiá é moi sinxelo: necesitas motivación, unha escaleira e unha culler. Pero é realmente tan fácil?
To escape from everyday life, it's very simple: you need motivation, a ladder and a spoon. But is it really that easy?

REPARTO/*CAST*: Maxime Plaisantin, Chloé Goyard

ARTHUR CHAYS
(arthurchays@gmail.com)
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is his first film.

ARTHUR CHAYS
(arthurchays@gmail.com)

CATIVA

KINDERGARTEN

SESIÓN RESERVADA PARA CENTROS DE ENSINO
SCREENING OPEN ONLY FOR SCHOOLS

TOURIST TRAP
MISHOU
LE DOIGT DE LA MORT
KENYA'S SYMPHONY
TULIP
KIKO ET LES ANIMAUX
KIKI LA PLUME
BOLSHOY Y MAKENKY

C

TOURIST TRAP

TRAMPA TURÍSTICA
2020 / PAÍSES BAIXOS / 2 MIN
VERA VAN WOLFEREN

Jeep está buscando o lugar ideal para as súas vacacións: unha illa paradisíaca chea de zonas salvaxes e aves tropicais... pero cando chega ao seu destino descobre que non é o único visitante da illa.
Jeep is looking for the ideal place for his vacation: an island paradise full of wild areas and tropical birds... But when he reaches his destination he discovers that he is not the only visitor on the island.

VERA VAN WOLFEREN
Merry Christmas (2015)
How to Catch a Bird (2013)
Looking at this bed (2012)

KABOOM FESTIVAL -
URSULA VAN DEN HEUVEL
(ursula@kaboomfestival.nl)

MISHOU

MISHOU
2020 / ALEMAÑA - BULGARIA / 8 MIN
MILEN VITANOV

Un helicóptero cheo de turistas aterra nun lugar desbordante de neve, xeo e agradable silencio. Tras unha rápida sesión de selfies, os turistas afástanse de novo no helicóptero, deixando atrás un monte de lixo e un pequeno can que é adoptado automáticamente por catro lebres árticas.
A helicopter full of tourists lands in a place where there is snow, ice and pleasant silence all around. After a quick selfie session, the tourists fly away again in the helicopter, leaving behind them a pile of garbage and a little dog that is immediately adopted by four Arctic hares.

MILEN VITANOV
Bango Vassil (2017)
Natural Nover (2015)
Rising Hope (2012)
My Happy End (2007)

VERA TRAJANOVA
(v.trajanova@gmail.com)

LE DOIGT DE LA MORT

O DEDO DA MORTE / THE FINGER OF DEATH
2020 / FRANCIA / 5 MIN
MAZARINE MILOUDI, MÉLANIE LEVAUX, PAULINE MAHIEU, ORIANE GROS, SÉBASTIEN PAGÈS

O encontro entre o ancián Hadja e unha criatura maldita levará a este habitante da illa de Madagascar a cambiar a súa visión do mundo.
The encounter between old Hadja and a cursed creature will lead the old man from Madagascar to change the way he sees the world.

REPARTO/*CAST*: Michel Élias

MAZARINE MILOUDI, MÉLANIE LEVAUX, PAULINE MAHIEU, ORIANE GROS, SÉBASTIEN PAGÈS
Esta é a súa primeira curta.
This is their first film.

STUDIO WASIA - MIKHAL BAK
(mikhal.bak@gmail.com)

KENYA'S SYMPHONY

A SINFONÍA DE KENYA
2019 / EEUU / 5 MIN
CARLOS DOUGLAS

Kenya asiste coa súa nai a un concerto de música clásica por primeira vez. Ao comezo non para quieta e abúrrese moitísimo, ata que descobre o don musical que se atopa dentro dela e namórase da música.
Kenya goes to a classical music concert with her mother for the first time. At first she fidgets all the time and gets very bored, but then she discovers her musical gift and falls in love with music.

CARLOS DOUGLAS
Esta é a súa primeira curta.
This is his first film.

CARLOS DOUGLAS
(carlosdouglas78@gmail.com)

TULIP

POLGARIÑA
2020 / EEUU / 9 MIN
ANDREA LOVE

Versión contemporánea do conto Thumbelina, de Hans Christian Andersen, no que Polgariña, unha pequena nena nacida dunha flor, decide escapar e explorar o seu entorno. Unha aventura chea de risco e criaturas máxicas, construída como unha adaptación libre e feminista do clásico conto de fadas.
A contemporary take on the story of Thumbelina, by Hans Christian Andersen, in which a tiny girl born from a flower decides to run away and explore her surroundings. An adventure full of risk and magical creatures, in this feminist and "woolly" adaptation of the classic fairy tale.

REPARTO/*CAST*: Mariya Ballou, Christopher Flockton, Dorothy Stanley, Yuvraj Sathe, Hayden Eric, Eric Love. Eric LoveEric Love

ANDREA LOVE
Fuzz Machine (2022)
Merry Christmas (2021)
Rose Theatre Film Library (2021)
Elder (2021)
(...)

ANDREA LOVE
(andrea@tulipanimation.com)

KIKO ET LES ANIMAUX

KIKO E OS ANIMAIS / KIKO AND THE ANIMALS
2020 / FRANCIA - SUÍZA / 8 MIN
YAWEN ZHENG

Kiko persegue a todos os animais. Non para de torturalos... nin o máis pequeno dos ratos consegue escapar! Como explicarlle que son coma el, capaces de sentir emocións e de amar e que merecen ser respetados?
Kiko chases all animals. She can't stop teasing them... she doesn't even leave the tiny mice alone! How can we show him that these animals are like him, capable of feeling emotions and loving, and that they deserve to be respected?

REPARTO/*CAST*: Colin Larue Lucas, Nathalie Fort, Emma Demire, Ana Tessier, Lila Tessier, Vincent Tessier.

YAWEN ZHENG
Tale of a Seed (2017)
Every Star (2014)
Little Favour (2014)
La chanson de la pluie (2012)
(...)

FOLIMAGE STUDIO - JÉRÉMY MOURLAM
(j.mourlam@folimage.fr)

KIKI LA PLUME

O CANARIO KIKI / THE CANARY KIKI
2020 / FRANCIA / 6 MIN
JULIE REMBAUVILLE,
NICOLAS BIANCO-LEVRIN

O canario Kiki unicamente coñece a súa gaiola e a vella dama que o alimenta. O seu soño é dar voltas en liberdade coma os outros paxaros, mais cando ten oportunidade de escapar descobre que ser un paxaro libre pode chegar a ser aterrador.
Kiki the canary knows only his cage and the old lady who feeds him. His dream is to fly free like the other birds, but when he has a chance to escape, he discovers that being a free bird can be terrifying.

JULIE REMBAUVILLE,
NICOLAS BIANCO-LEVRIN
Petite étincelle (2019)
Attention au loup! (2019)
Moon Girl (2016)

NICOLAS BIANCO-LEVRIN
(contact@nicolasbianco.fr)

BOLSHOY Y MAKENKY

GRANDE E PEQUENO / BIG AND SMALL
2020 / RUSIA / 6 MIN
NATALIA GROFPEL

No peto da chaqueta dun neno poden ocorrer acontecementos sorprendentes.
Surprising things can happen in a child's jacket pocket.

NATALIA GROFPEL
The Doll's Letters (2016)
Fairy Tale (2013)

NATALIA GROFPEL
(sholud1@gmail.com)

INFANTIL

CHILDREN

SESIÓN RESERVADA PARA CENTROS DE ENSINO
SCREENING OPEN ONLY FOR SCHOOLS

ČUČI ČUČI
LUCE AND THE ROCK
STEP BY STEP
PAPA IS BIG, I AM SMALL
URSA-NORDLYSETS SANG
BIG BOX
DAMN IT!

ČUČI ČUČI

SILENCIO, SILENCIO, PEQUENO OSO / HUSH HUSH LITTLE BEAR
2022 / LETONIA / 4 MIN
MARA LININA

Mentres os pais osos están fóra buscando bagas e mel, as crías de oso quedan en casa coas ovellas. Os osiños divírtense xogando alegremente cun nobelo de fío, pero pronto os osiños atópanse enredados e todo está patas para arriba. Por sorte, as ovellas axúdanlles a poñer todo en orde.
While the bear parents are away looking for berries and honey, the baby bears stay at home with the sheep. The bear cubs have a good time playing merrily with a ball of yarn, but soon enough the cubs find themselves all tangled up and everything is turned upside down! Luckily the sheep help them put everything in order again.

MARA LININA
Once Upon A Time, God (2009)
Hornyhoof, Furball and Tiddleywink (2002)
The Water-sprite (2001)
Like a Dream (2000)
(...)

ATOM ART - IEVA ZELDERE
(ieva@atomart.lv)

LUCE AND THE ROCK

LUCE E A ROCHA
2022 / BÉLXICA-FRANCIA-PAÍSES BAIXOS / 13 MIN
BRITT RAES

Un día, da nada, unha xigantesca rocha póusase no medio da pacífica aldeíña onde vive Luce. As persoas do pobo xa non poden nin sequera abrir a porta das súas casas! Luce enfádase: vaite Rocha, non debes estar aquí! E por que estás aquí?
One day, out of nowhere, a giant Rock lays in the middle of the peaceful little village where Luce lives. The villagers can't even open the door to their houses anymore! Luce is angry: go away Rock, you don't belong here! And why are you here anyway?

REPARTO*/CAST*: Fien Raes, Karolien Duellaert, Casper Raes, Bram Meindersma & Susanne Edam

BRITT RAES
(britt.raes@gmail.com)
Catherine (2016)
Child's Play (2013)
The Last Pieces (2011)
Homemade (2011)
(...)

MIYU DISTRIBUTION - ZINEB KHARROUBI
(stagiaire.distribution@miyu.fr)

STEP BY STEP

PASO A PASO
2021 / FRANCIA / 7 MIN
THÈODORE JANVIER, FANNY PAOLI, EMMA GACH, ANABELLE DAVID, JULIE VALENTIN, CLAIRE ROBERT

Unha pequena bota de choiva espértase na beira dun río. Na súa viaxe polo bosque superará calquera obstáculo para atopar o camiño de volta a casa. No camiño enfróntase a moitos acontecementos que a farán crecer.
A little rain boot wakes up on a river's side. On her journey through the forest she would overcome any obstacles to find her way back home. On the road she faces many events that will make her grow.

THÈODORE JANVIER, FANNY PAOLI, EMMA GACH, ANABELLE DAVID, JULIE VALENTIN, CLAIRE ROBERT
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is their first film.

MIYU DISTRIBUTION - ZINEB KHARROUBI
(stagiaire.distribution@miyu.fr)

PAPA IS BIG, I AM SMALL

PAPÁ É GRANDE, EU SON PEQUENA
2021 / ITALIA-RUSIA / 3 MIN
ANYA RU, MASHA RUMYANTSEVA

Unha breve e tenra historia sobre unha nena que despide ao seu pai mariñeiro nunha viaxe lonxana. A súa imaxinación infantil alegrará a longa espera.
A short and tender story about a little girl who sees off her sailor father in a far away journey. Her childhood imagination will brighten up the long wait.

ANYA RU
(anyarudesign@gmail.com)
ZOT (2021)
MASHA RUMYANTSEVA
(mvr189@yandex.ru)
Grandma's nightdress (2021)

ALFALUMA ANIMATION
(alfalumaanimation@gmail.com)

URSA-NORDLYSETS SANG

URSA - THE SONG OF THE NORTHERN LIGHTS / URSA - A CANCIÓN DAS LUCES DO NORTE
2021 / NORUEGA / 10 MIN
NATALIA MALYKHINA

O osiño polar Ursa está só na fría escuridade ártica en busca da súa nai. Camiña a través dunha tempestade, a través da xélida e fría tundra e dos afiados montes de xeo, cara a aurora boreal e a canción máxica coa esperanza de atopala.
A little polar bear Ursa is alone in the cold dark Arctic and looking for his mum. He walks through a blizzard, through icy cold tundra and sharp ice hummocks, towards the northern lights and the magic song in hope to find his mother.

NATALIA MALYKHINA
(lemur.nat@gmail.com)
The Little Grey Wolfy: The Winter Story (2016)
Spring and Icy Drift (2017)
Summer Party (2019)
Fall Travelers (2020)

ULVENFILM
(ulvenfilm@yahoo.com)

BIG BOX

CAIXA GRANDE
2021 / ESPAÑA / 7 MIN
NURIA TORREÑO

E se puideses enviar os teus sentimentos? Nun mundo onde é posible enviar os sentimentos a través de mensaxería, un novo carteiro chamado Hermy atópase coa ardua tarefa de entregar o paquete máis grande que xamais viu a súa empresa. Pero isto non deterá ao noso xovial mensaxeiro, que utilizará todos os medios ao seu alcance para facer chegar o envío e cumprir a súa misión.
What if you could send your feelings? In a world where it is possible to send your feelings via mail service, a young postman named Hermy faces the arduous task of delivering the biggest package the company has ever seen. However, this will not stop our cheerful mailman, who will make use of all available means to make the package reach its destination and fulfill his mission.

NURIA TORREÑO
(nur.torreno@gmail.com)
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is her first film.

DISTRIBUTION WITH GLASSES -
MARTA SALVADOR
(info@distributionwithglasses.com)

DAMN IT!

MALDITA SEXA!
2021 / ALEMAÑA / 1 MIN
ELENA WALF

A ancestral loita entre o ben e o mal.
The ancient struggle between good and evil.

ELENA WALF
(elenawalf@gmail.com)
Bat Time (2015)
Some Thing (2015)
Rotbäckchen (2012)

FILM BILDER - LOUIS HARTMANN
(postpro@filmbilder.de)

XUVENIL

JUNIOR

SESIÓN RESERVADA PARA CENTROS DE ENSINO
SCREENING OPEN ONLY FOR SCHOOLS

I'M NOT AFRAID!
THE TICKET
SIERRA
6 PATTES SOUS TERRE
THE SOLOISTS

X

I´M NOT AFRAID!

NON TEÑO MEDO!
2022 / NORUEGA -ALEMAÑA / 7 MIN
MARITA MAYER

Xogando ás agachadas, Vanja sae do luminoso salón e entra nun patio pouco iluminado que ten demasiados recunchos escuros, sombras e ruídos estraños. Para superar o medo, Vanja convértese nun perigoso tigre!
During a game of hide and seek Vanja leaves the bright living room and enters a dimly lit courtyard, which has far too many dark corners, weird shadows and strange noises. To overcome the fear, Vanja turns into a dangerous tiger!

MARITA MAYER
(marita.mayer@gmx.de)
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is her first short film.

FABIAN&FRED - FABIAN DRIEHORST
(fabian@fabianfred.com)

THE TICKET

O BILLETE
2020 / BULGARIA / 11 MIN
KEVORK ASLANYAN

Un neno percorre toda a cidade cun só billete.
A boy travels through the whole city using one ticket.

REPARTO*/CAST*: Joan Fleming, Ivelina Stoyanova, Desislava Nikolova.

KEVORK ASLANYAN
(kevork_aslanyan@me.com)
The Architect (2018)
The Stuntman (2018)
Dimi Deyanski (2018)
Balkan Royal (2016)
(...)

KEVORK ASLANYAN
(kevork_aslanyan@me.com)

SIERRA

SIERRA
2022 / ESTONIA / 15 MIN
SANDER JOON

Un pai e o seu fillo están a perder a carreira popular. Para gañar, o mozo convértese nun pneumático de coche. Inspirada na infancia do director, Sierra introdúcenos no surrealista mundo das carreiras de coches.
A father and his son are losing the folk race. In order to win, the boy turns himself into a car tire. Loosely inspired by the director's childhood, Sierra pulls us into the surreal car racing world.

SANDER JOON
(sander.joon@gmail.com)
Moulinet (2017)
Velodrool (2015)

SQUARE EYES - SANNE JEHOUL
(info@squareeyesfilm.com)

6 PATTES SOUS TERRE

6 PATAS BAIXO TERRA / 6 PAWS UNDER
2021 / FRANCIA / 2 MIN
NICOLAS BIANCO-LEVRIN

Para o gato, a vida no cemiterio é un paraíso. Está tranquilo e só ten que estirar a pata para atrapar un rato. Pero desta vez, a pantasma do rato vai vir perseguir ao gato.
For the cat, life in the cemetery is paradise. It is calm and he only has to stretch out his paw to catch a mouse. But this time, the ghost of the mouse comes to haunt the cat.

NICOLAS BIANCO-LEVRIN
(contact@nicolasbianco.fr)
Le Prince au bois dormant (2020)
Kiki la plume (2020)
Vieille Peau (2020)
Attention au loup! (2019)
(...)

FESTIVAL- PROTOTYPE
(productions@festival-prototype.com)

THE SOLOISTS

AS SOLISTAS
2021 / FRANCIA / 8 MIN
MEHRNAZ ABDOLLAHINIA, FEBEN ELIAS WOLDEHAWARIAT, RAZAHK ISSAKA, CELESTE JAMNECK, YI LIU

Nunha pequena vila rexida por leis ridículas, tres irmás cantantes e o seu can ensaian para o Festival Anual de Outono. Un acontecemento inesperado desbaratará os seus plans.
In a small village ruled by ridiculous laws, three singing sisters and their dog rehearse for the Annual Autumn Festival. But an unexpected event will disrupt their plans.

MEHRNAZ ABDOLLAHINIA, FEBEN ELIAS WOLDEHAWARIAT, RAZAHK ISSAKA, CELESTE JAMNECK, YI LIU
Esta é a súa primeira curtametraxe.
This is their first film.

MIYU DISTRIBUTION - ZINEB KHARROUBI
(stagiaire.distribution@miyu.fr)

FICBUEU 2022

XURADOS

JURYS

Doce profesionais que integrarán os catro xurados establecidos para configurar o palmarés do festival.

Twelve professionals who form the festival's jury in order to establish the awards at the festival

OFICIAL

OFFICIAL

MANUELA LAZIĆ
LUIS E. PARÉS
TIBA CHAGAF

MANUELA LAZIĆ
GUIONISTA, REALIZADORA, ACTRIZ E CRÍTICA DE CINEMA

Licenciada en cinematografía pola King's College London en 2016 e formada en interpretación na escola de arte dramático The Actors Temple, no Reino Unido. É cofundadora da produtora audiovisual Ça Existe Productions. Como cineasta dirixiu a curta *Conversation* e codirixiu os videoensaios *Antonioni's Cinema of Absence* e *Surviving Memories*. Dende 2015 realiza crítica cinematográfica en medios especializados como Little White Lies Magazine, The Ringer, Vague Visages, The Brag, RogerEbert.com, The Film Stage, Oscilloscope Musings, Birth.Movies. Death. ou IndieWire.

MANUELA LAZIĆ
Screenwriter, director, actor and film critic. She graduated in cinematography from King's College London in 2016 and trained at The Actors' Temple Drama School in the United Kingdom. She is co-founder of the audiovisual production company Ça Existen Productions. As a filmmaker, she directed the short Conversation and co-directed the video essays Antonioni's Cinema of Absence and Surviving memories. Since 2015, she has been writing film criticism in specialized media such as Little White Lies Magazine, The Ringer, Vague Visages, The Brag, RogerEbert.com, The Film Stage, Oscilloscope Musings, Birth.Movies.Death. and IndieWire.

LUIS E. PARÉS
HISTORIADOR E DOCUMENTALISTA

É autor do libro *Notes sur l'emigration. Espagne 1960. Apunts per a una pel·lícula invisible.* Foi programador para festivais como ZINEBI, Cine-Europes, Punto de Vista, Curtocircuíto ou o S8. Actualmente é o Director Artístico da Cineteca, forma parte do Consello de Redacción de Caimán, Cuadernos de Cine e do comité de programación do Festival Internacional de Cine de Sevilla. Imparte clases en diversas escolas audiovisuais, como ECAM, LAV, ou TAI. Foi guionista da película *El futuro* e como curtametraxista dirixiu *Mi ideología. Variaciones sobre un concepto, El cadáver del tiempo, Aidez l'Espagne* e *Los conspiradores.*

LUIS E. PARÉS
Historian and documentalist.
He is author of the book Notes sur l'emigration-Espagne 1960 - Apunts per a una pel·lícula invisible. He was a programmer for festivals such as ZINEBI, Cine-Europes, Punto de Vista, Curtocircuíto or S8. He is currently the artistic director of the Cineteca, is part of the Editorial Board of Caimán, Cuadernos de Cine and is on the programming committee of the Seville International Film Festival. He teaches classes in various audiovisual schools, such as ECAM, LAV, or TAI. He was a screenwriter for the film El futuro and as a filmmaker he directed Mi ideología: Variaciones sobre un concepto, El cadáver del tiempo, Aidez l'Espagne and Los conspiradores.

TIBA CHAGAF
DOCENTE E PROGRAMADOR DE CINEMA

Director nacional de cinema e teatro no Ministerio de cultura Saharaui, EFA Abidin Kaid Saleh (Escola de formación audiovisual do Sahara Occidental) e do FiSahara International Film Festival. A escola que dirixe conta co galardón da 19º edición do Festival de Cine e Dereitos Humanos de San Sebastián, pola súa contribución ao desenvolvemento da cultura cinematográfica e aos dereitos humanos.

TIBA CHAGAF
Teacher and film programmer.
He is national director of cinema and theater at the Saharawi Ministry of Culture, EFA Abidin Kaid Saleh (Western Sahara Audiovisual Training School) and the FiSahara International Film Festival. The school he directs has the award of the 19th edition of the San Sebastian Film and Human Rights Festival, for its contribution to the development of film culture and human rights.

GALICIA R_ESPAÑA

GALICIA R_ESPAÑA

PEPE COIRA
MELANIA CRUZ
LUISA ROMEO

PEPE COIRA
GUIONISTA, DOCENTE E CRÍTICO DE CINE

Licenciado en Xeografía e Historia pola USC e diplomado en Historia e Estética da Cinematografía pola Universidade de Valladolid. Foi crítico cinematográfico e redactor en El Correo Gallego; director do CGAI e profesor asociado na UVigo. Tamén ostentou o cargo de director de desenvolvemento e de subdirector da produtora Voz Audiovisual, así como o de xefe de desenvolvemento e produtor executivo de Filmax TV. Como guionista escribiu para os programas da TVG *Extramuros* e *Luces da Cidade* e as multipremiadas series de ficción *Hierro* e *Rapa*. Recentemente coescribe e codirixe a longametraxe *Beiras. Vivir 2 veces*.

PEPE COIRA
Screenwriter, teacher and film critic.
He has a degree in geography and history from the USC and diploma in history and aesthetics of cinematography from the University of Valladolid. He was a film critic and editor at El Correo Gallego; Director of the CGAI and associate professor at UVigo. He also held the position of director of development and deputy director of the production company Voz Audiovisual, as well as the head of development and executive producer of Filmax TV. As a screenwriter he has written for the TVG programs Extramuros y Luces da Cidade and the multi-award-winning fiction series Hierro and Rapa. He recently co-wrote and co-directed the feature film Beiras. Vivir 2 veces.

MELANIA CRUZ
ACTRIZ

Especializada en Interpretación Textual na ESAD de Galicia. Posteriormente cursa un Máster en Pedagoxía e Animación Teatral pola Universidade de Vigo. En 2012 funda xunto a catro profesionais ilMaquinario Teatro, compañía coa que reciben varios recoñecementos e participan en festivais nacionais e internacionais. No ano 2016 emprende un proxecto persoal xunto ao director e actor Tito Asorey: A Quinta do Cuadrante. En cine ten traballado en proxectos como *A Esmorga, Sicixia, María Solinha, Dhogs, Arima, Contou Rosalía, Trote* e *Ons*, recibindo numerosos premios en certames tanto nacionais como internacionais.

MELANIA CRUZ
Actress.
She specialized in textual interpretation at ESAD in Galicia. She has a master's in pedagogy and theatrical animation from the University of Vigo. In 2012, together with four other professionals, she founded ilMaquinario Teatro, a company with which she received several awards and participated in national and international festivals. In 2016 she undertook a personal project with director and actor Tito Asorey: A Quinta do Cuadrante. In cinema she has worked on projects such as A Esmorga, Sicixia, María Solinha, Dhogs, Arima, Contou Rosalía, Trote and Ons, receiving numerous awards in both national and international competitions.

LUISA ROMEO
PRODUTORA

Graduada en EAVE en 2016, sendo seleccionada polo ICAA como a representante española en Producers on the Move na edición de 2018 do Festival de Cannes, así como en ACE Producers no ano 2021. Ademais, é membro da Academia de Cine, da Academia Galega do Audiovisual, do Clúster Audiovisual de Canarias e do Clúster Audiovisal de Galicia. Forma parte da xunta directiva da Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI). En 2008 funda Frida Fims, coa que ten producido títulos como *Trote, Gallo, María (y los demás), The Walker, El arca de Noé, Los increibles* e *La mujer del eternauta*.

LUISA ROMEO
Film producer.
She graduated from EAVE in 2016, being selected by the ICAA as the Spanish representative in Producers on the Move in the 2018 edition of the Cannes Film Festival as well as in ACE Producers in 2021. In addition, she is a member of the Film Academy, the Galician Audiovisual Academy, of the Audiovisual Cluster of the Canary Islands and the Audiovisual Cluster of Galicia. She is part of the board of directors of the Galician Association of Independent Producers (AGAPI). In 2008 she founded Frida Fims, with which she has produced titles such as Trote, Gallo, María (y los demás), The Walker, El arca de Noé, Los increibles and La mujer del eternauta.

DESCUBERTAS

DISCOVERIES

SARA TRABA
HELENA GIRÓN
BERIO MOLINA

SARA TRABA
DIRECTORA DE CINEMA E GUIONISTA

Licenciada en Historia da Arte pola USC e diplomada en Cinematografía en Bande À Part, Escola de Cinema de Barcelona, na especialidade de Dirección e Guión. Como directora, coa curtametraxe *As vacas de Wisconsin*, conseguiu seleccións en festivais internacionais como o Festival de Sitges, o Festival Ibérico de Cinema de Badajoz, o Cortada, o Bogoshorts, o Festival de Cans e no propio FICBUEU. Ademais, acadou os galardóns Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual e Gaudí de l'Academia do Cinema Catalá.

SARA TRABA
Film director and screenwriter.
She has a degree in art history from the USC and a diploma in cinematography from Bande À Part, Barcelona Film School, specializing in direction and screenwriting. She directed the short film Las vacas de Wisconsin, which won selections at international festivals such as the Sitges Festival, the Badajoz Iberian Film Festival, Cortada, Bogoshorts, the Dog Festival and FICBUEU itself. She also won the Mestre Mateo awards from the Galician Audiovisual Academy and the Gaudí awards from the Catalan Film Academy.

HELENA GIRÓN
DIRECTORA DE CINEMA E GUIONISTA

Licenciada en Comunicación Audiovisual, Máster de Guión de Cinema e TV da Universidade Carlos III, Máster de Montaxe Cinematográfica da ESCAC e docente en ECAM, EQZE e IFIC. Como curtametraxista os seus filmes foron programados en festivais internacionais coma Toronto International Film Festival, Locarno Film Festival, New York Film Festival, Festival de San Sebastián, Festival Internacional de Cine de Mar del Plata ou Rotterdam International Film Festival. A súa primeira longametraxe, *Eles transportan a morte* foi premiada, entre outros, en certames como a Biennale de Venezia, o Festival Internacional de Cine de San Sebastián, o Festival Cinespaña de Toulouse, e o Novos Cinemas - Festival Internacional de Cinema de Pontevedra.

HELENA GIRÓN
Film director and screenwriter.
She has a degree in audiovisual communication, a master's in film and TV scriptwriting from Carlos III University and a master's in film editing from ESCAC. She is a lecturer at ECAM, EQZE and IFIC. As a short filmmaker, her films have been screened at international festivals such as the Toronto International Film Festival, Locarno Film Festival, New York Film Festival, San Sebastian Festival, Mar del Plata International Film Festival and Rotterdam International Film Festival. Her first feature film, Eles transportan a morte was commended, among others, in competitions such as the Venice Biennale, the San Sebastian International Film Festival, the Toulouse Cinespaña Festival and the Novos Cinemas - Pontevedra International Film Festival.

BERIO MOLINA
DIRECTOR, GUIONISTA E ARTISTA

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, Máster en Artes Digitales por la Universitat Pompeu Fabra e Máster en Computer Graphic Design no Rochester Institute of Technology. Foi membro do colectivo de performances Flexo e coorganizador do Festival IFI. Formou parte do colectivo sobre as paisaxes sonoras e a auralidade aumentada Escoitar.org, da comunidade de arte e acción libre Alg-a e do colectivo de expresión escénica Intemperie. Ademais é coadministrador, xunto ao artista Isaac Cordal, do Netlabel Alg-a, selo de publicación na rede de traballos audio-experimentais. No ano 2011 funda Pumpun xunto a Chiu Longina, unha produtora adicada a proxectos multimedia.

BERIO MOLINA
Director, screenwriter and artist.
He has a degree in fine arts from the University of Vigo, a master's in digital arts from Pompeu Fabra University and a master's in computer graphic design from the Rochester Institute of Technology. He was a member of the Flexo performance collective and co-organizer of the IFI Festival. He was part of the collective on soundscapes and augmented aurality Escoitar.org, the Alg-a free art and action community and the Intemperie stage expression collective. He is also co-administrator, along with artist Isaac Cordal, of Netlabel Alg-a, a publishing label on the network of audio-experimental works. In 2011 he founded Pumpun with Chiu Longina, a producer dedicated to multimedia projects.

ESCOLAS

SCHOOLS

ÁLVARO DOSIL
SERGIO CLAVERO
OLALLA GONZÁLEZ

ÁLVARO DOSIL
DOCENTE

Doctorando en Cinema e Educación pola USC baixo o grupo de investigación Terceira Xeración; director do Melonafest, do proxecto Portas do Camiño, Portas da Cultura, colaborador do Festival Internacional de Cine Curtocircuíto e de diversos festivais de música galegos. Ademais, é delegado na área de educación da Coordinadora del Cortometraje Español. O seu traballo especialízase na relevancia e impacto do cine na educación, poñéndoo en valor como instrumento pedagóxico.

ÁLVARO DOSIL
Teacher.
PhD in film and education at USC under the Third Generation Research Group, He is director of Melonafest, the Portas do Camiño, Portas da Cultura project, and has collaborated in the International Film Festival Curtocircuíto and various Galician music festivals. He is also a delegate in the education area of the Short Film's Spanish Coordinator. His work specializes in the relevance and impact of cinema in education, valuing it as a pedagogical tool.

SERGIO CLAVERO
PRODUTOR E DOCENTE

Licenciado en Belas Artes pola Universidade do País Vasco na especialidade de Audiovisuais. Foi produtor e director das empresas ZEHAR Animación e Pilgrim Producciones. Actualmente é profesor asociado da USC, profesor de secundaria na especialidade de Debuxo no IES Cacheiras e creador e responsable do proxecto educativo de formación e creación audiovisual Aturuxo Films, Premio de Alfabetización Audiovisual do Ministerio de Educación 2014.

SERGIO CLAVERO
Producer and teacher.
He has a degree in Fine Arts from the University of the Basque Country in the specialty of Audiovisuals. He was a producer and director of the companies ZEHAR Animación and Pilgrim Producciones. He is currently an associate professor at USC, a secondary school teacher in the specialty of Drawing at IES Cacheiras and creator and head of the educational project of training and audiovisual creation Aturuxo Films, Audiovisual Literacy Award of the Spanish Ministry of Education 2014.

OLALLA GONZÁLEZ
ESCRITORA E DOCENTE

Diplomada en Maxisterio, na especialidade de Educación Primaria. É especialista en animación á lectura, mestra, narradora e imparte talleres de plástica e literatura. Traballou na librería Libros para soñar, no departamento de edición de Kalandraka, e coordinou o espazo LoboCoxo en Bueu. Como autora adaptou o conto tradicional *Garavanciño* e escribiu *Chibos Chibóns* e *Un máis*, gañador do XV Premio Frei Martín Sarmiento.

OLALLA GONZÁLEZ
Writer and teacher.
She has a teaching diploma in primary education and specializes in reading animation. She runs art and literature workshops. She worked at the Libros para soñar (Books for Dreaming) bookstore, in the publishing department of Kalandraka and has coordinated the LoboCoxo space in Bueu. As an author she adapted the traditional tale Garbancito and wrote Chivos Chivones and Uno más, which won the XV Frei Martín Sarmiento Prize.

FICBUEU 2022

PREMIO CINEMA GALEGO

GALICIAN CINEMA AWARD

Nesta décimo-quinta edición edición o Premio Cinema Galego será outorgado a Miguel de Lira.

In this 15th edition the Galician Cinema Award will be awarded to Miguel de Lira.

PREMIO CINEMA GALEGO: MIGUEL DE LIRA

GALICIAN CINEMA AWARD: MIGUEL DE LIRA

Actor de ampla experiencia e traxectoria en teatro, cinema e televisión.

Durante os seus estudos universitarios, entra en contacto co mundo teatral e remata sendo membro fundador do grupo Chévere, Premio Nacional de Teatro en 2014, no que leva traballando como director, actor e produtor dende 1986.

Converteuse nunha icona popular da TVG por papeis coma o de Evaristo na serie *Mareas Vivas* ou por protagonizar a *Pepe O'Inglés*, participando posteriormente en series nacionais coma *Los hombres de Paco*, *Matadero* ou *Vivir sin permiso*.

No ámbito do cinema, ten participado en gran cantidade de curtametraxes e en máis de vinte longametraxes, entre as que recentemente des-

tacan *Cuñados* de Toño López, *Ons* de Alfonso Zarazuza, *Dhogs* de Andrés Goteira, *María (y los demás)* de Nely Reguera, *A esmorga* de Ignacio Vilar ou *Eroski Paraíso*, adaptación da obra homónima de Chévere dirixida por Jorge Coira e Xesús Ron pola que recibiu o Premio Mestre Mateo ao Mellor Actor Protagonista en 2020.

Nesta edición outorgaremoslle o Premio Cinema Galego do FICBUEU 2022 pola súa prolífica carreira actoral, e a súa destacada dedicación e compromiso coa cultura e sociedade galega. O xornalista e produtor Gaspar Broullón realizará unha entrevista en profundidade que estará dispoñible en liña para o público na Canle FICBUEU.

Actor with extensive experience and a distinguished career in theater, film and television.

During his university studies, he came into contact with the theater world and ended up being a founding member of the group Chévere, which won the National Theater Award in 2014, in which he has been working as a director, actor and producer since 1986.

He became a popular TVG icon for roles such as Evaristo in the series Mareas Vivas and was the protagonist in the series Pepe O'Inglés, later participating in national series such as Los hombres de Paco, Matadero or Vivir sin permiso.

In the field of cinema, he has participated in a large number of short films and more than twenty feature films, including recently Cuñados by Toño López, Ons by Alfonso Zarazuza, Dhogs by Andrés Goteira, María (y los demás) by Nely Reguera, A esmorga by Ignacio Vilar and Eroski Paraíso, an adaptation of the play of the same name by Chévere directed by Jorge Coira and Xesús Ron for which he received the Mestre Mateo Award for Best Leading Actor in 2020.

In this edition we will award him the FICBUEU Galician Film Prize 2022 for his prolific acting career, his outstanding dedication and commitment to Galician culture and society. Journalist and producer Gaspar Broullón will conduct an in-depth interview that will be available online to the public on the FICBUEU Channel.

FICBUEU 2022

ACTIVIDADES

ACTIVITIES

No FICBUEU non só hai proxeccións de curtametraxes. Durante os días de celebración do festival tamén podes atopar: actividades formativas, encontros, presentacións, podcasts, MiniFIC, concertos e moito máis.

Additionally to the short films in the festival you can also enjoy educational activities, meetups, presentations, the recording of radio shows, MiniFIC, concerts and much more.

V MERCADO DA CURTAMETRAXE
DO 11 AO 18 DE SETEMBRO. MUSEO MASSÓ.

Profesionais da industria audiovisual poderán visionar todas as curtametraxes inscritas na décimo quinta edición do FICBUEU. A través de equipos instalados no Museo Massó terán acceso exclusivo aos filmes, así como aos datos de contacto das produtoras e distribuidoras, co obxectivo de fomentar e favorecer a programación e difusión de curtametraxes na nosa comunidade autónoma.

O mercado estará dispoñible entre o 11 e o 18 de setembro na planta baixa do Museo Massó, en horario continuado entre as 10:00 horas e as 20:00 horas, agás o luns. Para acceder deberá solicitarse unha acreditación a través do correo electrónico: info@ficbueu.com.

V SHORT FILM MARKET
FROM 11 TO 18 SEPTEMBER. MASSÓ MUSEUM

Professionals from the audio-visual industry will be able to watch all the short films registered for the fifteenth edition of FICBUEU. Equipment installed in the Massó Museum will give exclusive access to films as well as the contact details of producers and distributors. The aim is the promotion and distribution of short films in our autonomous community.

The market will be available between 11 and 18 September on the ground floor of the Massó Museum, from 10:00 am to 8:00 pm, except on Mondays. To gain access, accreditation must be requested by e-mail at: info@ficbueu.com.

ACTO INAUGURAL
DOMINGO 11 ÁS 19:00 H.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

As curtametraxes realizadas na Área Social FICBUEU durante o curso 2021/2022 serán as protagonistas desta primeira xornada do Festival Internacional de Cinema de Bueu coa que daremos comezo á programación da décimo quinta edición.

Durante este acto darase a coñecer a grella de actividades do FICBUEU 2022 e realizarase a presentación das curtas feitas nos obradoiros ao longo do curso, en colaboración coas asociacións Érguete de Vigo e Juan XXIII de Cangas. As creadoras e creadores dos filmes asistirán ao acto para presentar as pezas e gozar da súa estrea en pantalla grande.

Os dous filmes que se presentarán son:
- *A fin do osíxeno*
- *Sabía que vendrías*

OPENING CEREMONY
SUNDAY 11 AT 7:00 PM. CENTRO SOCIAL DO MAR.

The short films shown in the Social Area FICBUEU during the course 2021/2022 will be featured on this first day of the International Film Festival of Bueu and will open the programming of the fifteenth season.

During this event, the list of activities of FICBUEU 2022 will be announced and the presentation of the short films made in the workshops during the course, in collaboration

with the associations Érguete in Vigo and Juan XXIII in Cangas, will take place. The creators of the films will attend the event to present their work and enjoy their moment on the big screen.

The two films that will be presented are:
- A fin do osíxeno
- Sabía que vendrías

COLOQUIOS CON CINEASTAS
DO LUNS 12 AO SÁBADO 17.
PUNTO DE ENCONTRO.

Cada día ás 20:30 horas, despois da primeira sesión da Sección Oficial, realizaremos un coloquio coas directoras e directores das curtametraxes internacionais proxectadas na xornada. Ademais, o sábado 17 ás 18:30 horas e ás 20:30 horas, contaremos coa presenza das e dos cineastas nacionais para conversar sobre os seus filmes.

Durante estes encontros o público asistente poderá escoitar as autoras e autores dos filmes charlar sobre os procesos creativos, así como facerlle chegar as súas propias cuestións co fin de afondar nas curtametraxes dende o punto de vista da creación cinematográfica.

TALKS WITH FILMMAKERS
FROM MONDAY 12 TO SATURDAY 17. MEETING POINT.

Every day at 8:30 PM, after the first session of the Official Selection, we will hold a discussion with the directors of the international films screened during the day. In addition, on Saturday 17th at 6:30 PM and 8:30 PM, national filmmakers will be with us to talk about their films.

During these meetings, the audience will be able to ask the film-makers to talk about the creative process as well as to ask their own questions in order to delve into short films from the point of view of cinematographic creation.

CONCERTO DE CLAUSURA: TULSA
SÁBADO 17 ÁS 22:30 H. PRAZA MASSÓ.

Como colofón á semana de actividades do FICBUEU 2022, Tulsa dará un concerto en aberto para todo o público asistente.

Tulsa é Miren Iza, unha compositora e cantante vasca que comezou a súa andaina na música a finais dos 90. Con Tulsa, escribe cancións en castelán, relatos cantados con vocación pop, moi influenciados por mulleres de xéneros tan dispares como a canción melódica, o *blues* ou o *dream pop*.

CLOSING CONCERT: TULSA
SATURDAY 17 AT 10:30 PM. OUTSIDE THE CENTRO SOCIAL DO MAR.

As the culmination of the week of activities of FICBUEU 2022, Tulsa will give an open concert to which everyone is invited.

Tulsa is Miren Iza, a basque composer and singer who began her musical career in the late 90s. Tulsa writes songs in Spanish, stories sung with pop elements... She is influenced by women working in such different genres as melodic song, blues or dream pop.

CONCERTO MINIFIC: CONSERTASSO NA HORTA
VENRES 23 ÁS 17:00 H.
EXTERIORES DO CENTRO SOCIAL DO MAR.

A actividade musical dedicada a público infantil virá da man de Brais das Hortas e o seu Consertasso na Horta. Neste espectáculo o músico interpretará a diversos personaxes que nos farán pasar da música tradicional ao electrónico, do punk ao chill-out e ata do trap ás regueifas. O espectáculo amosa un retrato Irónico da nosa sociedade adaptado para todos os públicos, cunha fonda dose de esperanza no cambio sostible das xeracións futuras.

Brais das Hortas leva máis de 20 anos dedicándose á musica e ten formado parte de bandas como Mamá Cabra, Sons Miúdos, Banda Fura Fura, e colaborado con outras e outros artistas como Ataque Escampe, Sofía Espiñeira ou Peter Punk Pallaso.

CONCERT MINIFIC: CONSERTASSO NA HORTA
FRIDAY 23 AT 5:00 PM.
OUTSIDE THE CENTRO SOCIAL DO MAR.

This musical activity is dedicated to children and will be performed by Brais das Hortas and his Consertasso na Horta. In this show, the musician will play different characters that will take us from traditional to electronic music, from punk to chill-out and even from trap to regueifas. The show offers an ironic portrait of our society adapted for all audiences, with a profound element of hope in sustainable change for future generations.

Brais das Hortas has been dedicated to music for more than 20 years and has been part of bands such as Mamá Cabra, Sons Miúdos, Banda Fura Fura, and has collaborated with other artists such as Ataque Escampe, Sofía Espiñeira or Peter Punk Pallaso.

GALA ESCOLAS GALEGAS
VENRES 23 ÁS 11:30 H.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

Bea Campos conducirá a sétima edición da Gala Escolas Galegas, na que contaremos coa presenza dos centros de ensino finalistas en cada categoría: Educación Especial, Infantil e Primaria e Educación Secundaria.

Durante este acto dedicado ao audiovisual realizado nas escolas, visionaremos as curtametraxes finalistas e entregaremos os diplomas aos centros de ensino participantes e os galardóns ás dúas curtas gañadoras.

GALICIAN SCHOOLS CEREMONY
FRIDAY 23 AT 11:30 AM.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

Bea Campos will conduct the seventh edition of the Galician Schools Ceremony, in which we will count with the presence of the finalist schools in each category: Special Education, Pre-school and Primary and Secondary Education.

During this event dedicated to audio-visuals made in schools, the short films of the finalists will be shown and diplomas will be presented to the participating schools along with the awards of the two winning shorts.

ENTREGA DE PREMIOS ESCOLAS E FACULTADES DE CINEMA
LUNS 19 ÁS 13:00 H.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

As curtametraxes realizadas en escolas especializadas en cinema terán o seu propio acto de entrega de premios, despois das proxeccións das Seccións Escolas Internacionais e Escolas de Imaxe e Son e Facultades Galegas.

Durante este acto aberto ao público entregaranse os dous galardóns e os diplomas das e dos finalistas.

FILM SCHOOLS AND FACULTIES AWARDS CEREMONY
MONDAY 19TH AT 1:00 PM.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

Short films made in specialized film schools will have their own awards ceremony which will take place after the screenings of the International Schools, Image and Sound Schools and Galician Faculties.

During this event, which is open to the public, the two awards and the diplomas of the two finalists will be presented.

ENTREGA DE PREMIOS FICBUEU 2022
SÁBADO 17 ÁS 21:15 H. PUNTO DE ENCONTRO.

O FICBUEU 2022 contará cun acto no que se anunciarán as curtametraxes premiadas en cada categoría e se entregarán os premios do palmarés do FICBUEU 2022. Nesta entrega de premios estarán presentes as autoras e autores que formaron parte desta décimo quinta edición do festival e diferentes integrantes dos distintos xurados.

Os premios que se entregarán nesta cerimonia serán:
- Primeiro premio.
- Segundo premio.
- Premio do público.
- Premio Descubertas.
- Premio R á mellor curtametraxe galega.
- Premio á mellor curtametraxe española.

FICBUEU 2022 AWARDS CEREMONY
SATURDAY 17 AT 9:15 PM. MEETING POINT

The FICBUEU 2022 will have a ceremony in which the winning short films in each category will be announced and the awards of the FICBUEU 2022 will be presented. At this awards ceremony the authors who were part of this fifteenth festival will be present as will members of the different juries.

The prizes that will be awarded at this ceremony will be:
- *First award.*
- *Second award.*
- *Audience Award.*
- *Discoveries Award.*
- *Best Galician Short Film R Award.*
- *Best Spanish Short Film Award.*

OBRADOIRO DE STORYBOARD
VENRES 23 ÁS 16:00 H. SALA MULTIUSOS.

Na última xornada do MiniFIC, Gáidil Bueu achegaranos á creación dun storyboard; as e os asistentes transformarán en imaxes unha pequena historia, descubrindo as potencialidades do guión gráfico como potente ferramenta á hora de planificar a creación e rodaxe dun filme.

Josuha XanBreo, profesor de debuxo, cómic e ilustración; dirixirá esta actividade guiando a rapazada desde a lectura e comprensión da historia ata a súa transformación en imaxes, fomentando a creatividade, a imaxinación e desenvolvendo a nosa capacidade para plasmar ideas.

STORYBOARD WORKSHOP
FRIDAY 23TH AT 4:00 PM. MULTIPURPOSE ROOM

On the last day of MiniFic, Gádil Bueu introduces us to the creation of a storyboard; the assistants will transform short stories into a series of images, discovering the potential of graphic scripts when planning the creation and shooting of a film.

Joshua XanBreo, drawing, illustration and comic design teacher will be leading this activity, guiding us through the reading and understanding of the story, up to the formation of the images themselves. The program encourages creativity and imagination, developing our abilities to brainstorm different ideas.

PRESENTACIÓN CADERNO FICBUEU #3
SÁBADO 17 ÁS 11:00 H.
PUNTO DE ENCONTRO.

Dende a súa creación, a Sección Retrospectiva leva aparellada unha publicación editada en galego e inglés conformando a colección Cadernos FICBUEU. Esta edición presentaremos o terceiro volume dos Cadernos FICBUEU, dedicado ás curtametraxes creadas na Escola Oficial de Cinematografía de España, baixo o título As prácticas do Instituto de Investigaciones y Experiencias Cinematográficas e a Escuela Oficial de Cinematografía como primordio dun novo cinema español (1947-1976).

Severiano Casalderrey, o autor dos Cadernos FICBUEU, será o encargado de realizar a presentación desta última publicación en materia cinematográfica, facendo un repaso polos contidos do caderno. Nesta actividade contaremos ademais coa intervención de representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

PRESENTATION OF FICBUEU MONOGRAPH # 3
SATURDAY 17 AT 11:00 AM. MEETING POINT.

Since its creation, the Retrospective Section has been accompanied by a publication published in Galician and English, each adding to the FICBUEU Monographs collection. This year the third volume of the FICBUEU Monograph, will be presented. It is dedicated to short films created at the Official School of Cinematography of Spain, under the title The role of the IIEC and the EOC professional practices in the creation of the new spanish cinema (1947-76)

Severiano Casalderrey, the author of the FICBUEU Monograph, will be in charge of presenting this latest publication in cinematography, reviewing the contents of the book. In this activity we will also have the intervention of representatives of the General Secretariat of Language Policy.

RADIO: CARNE CRUDA
SÁBADO 17 ÁS 12:00 H.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

O equipo do podcast asociado a eldiario.es desprazarase ata a nosa vila para estar presente por sexto ano na programación do FICBUEU. Javier Gallego Crudo presentará dende o auditorio do Centro Social do Mar o primeiro programa da tempada 2022/2023, que falará sobre cinema e acollerá entrevistas a varias das nosas convidadas e convidados.

Carne Cruda é un programa de radio en liña e independente, que trata diversos temas dende unha perspectiva contracultural, de axitación e disidente.

RADIO: CARNE CRUDA
SATURDAY 17 AT 12:00 AM.
CENTRO SOCIAL DO MAR.

The podcast team associated with eldiario.es will be in Bueu for the sixth year running to present the FICBUEU programme. Javier Gallego Crudo will be in the auditorium of the Centro Social do Mar for the first program of the season 2022/2023. He will talk about cinema and will host interviews with several of our guests.

Raw Meat is an online, independent radio program that covers a variety of topics from a countercultural, agitating, and dissident perspective.

RADIO: ESPAZO NEGATIVO
DISPOÑIBLE NAS NOSAS REDES SOCIAIS.

Ariadna Cordal e Dani Cornes encárganse da realización deste espazo no que acostuman a falar de cultura e arte cunha visión marcadamente política.

No FICBUEU 2022 dedicarán dous programas aos contidos da decimoquinta edición do festival, facendo un repaso polas curtas presentes nas seccións Oficial e Galicia R. O podcast estará dispoñible en todas as nosas canles e as de Espazo Negativo, incluíndo Ivoox, Spotify, Apple Podcasts, Anchor, etc.

RADIO: ESPAZO NEGATIVO
AVAILABLE ON OUR SOCIAL NETWORKS

Ariadna Cordal and Dani Cornes are in charge of the realization of this space in which they usually talk about culture and art with a markedly political slant.

During FICBUEU 2022, two programs be dedicated to the contents of the fifteenth edition of the festival, reviewing the shorts presented in the Official and Galicia sections. The podcast will be available on all of our channels and those of Negative Space, including Ivoox, Spotify, Apple Podcasts, Anchor, and more.

RUTA DAS TAPAS 5 ESTRELAS
DO VENRES 9 AO DOMINGO 18.

Como cada ano, durante as datas de celebración do FICBUEU, organizaremos a VII Ruta das Tapas 5 Estrelas, en colaboración co Concello de Bueu e a Asociación de Empresas da Hostalaría de Bueu. Durante 9 días o público do FICBUEU poderá degustar en diversos locais da nosa vila unha serie de propostas gastronómicas inspiradas no cinema.

O horario para poder probar as tapas será entre as 12:00 horas e as 13:30 horas a mediodía e de 20:00 horas ás 22:00 horas pola noite. O prezo de cada tapa será de 2,5€. Entre as persoas que completen o seu selado na Ruta das Tapas 5 Estrelas, sortearanse tres ceas por valor de 50€.

5 STAR TAPAS ROUTE
FROM FRIDAY 9 TO SUNDAY 18

As every year, during the FICBUEU, we will organize the VII 5 Star Tapas Route, in collaboration with the City Council of Bueu and the Association of Hospitality Companies of Bueu. For 9 days audiences of the FICBUEU will be able to taste in a variety of sites in our town a series of gastronomic delights inspired by the programme.

The hours to try the tapas will be mid-day between 12:00 AM and 1:30 PM and in the evening between 8:00 PM to 10:00 PM. The price will be €2.5. Among those who complete the 5 Star Tapas Route, three dinners worth € 50 will be raffled off.

FICBUEU 2022

INFORMACIÓN

INFORMATION

Premios, equipo do festival e listado de entidades colaboradoras do FICBUEU 2022.

Prizes, festival staff and a list of FICBUEU 2022 partners

PREMIOS

AWARDS

Relación de premios establecidos para a décimo quinta edición do Festival Internacional de Cinema de Bueu

List of awards established for the fifteenth edition of International Film Festival of Bueu.

- Primeiro premio: 2.000€ e Galardón.
  First Award: 2,000€ and Award.
- Segundo premio: 1.000€ e Galardón.
  Second Award: 1,000€ and Award.
- Premio do Público: 500€ e Galardón.
  Audience Award: 500€ and Award.
- Premio Descubertas: 500€ e Galardón.
  Discoveries Award: 500€ and Award.
- Premio R á mellor curtametraxe galega: 500€, Galardón e desconto en material audiovisual en RCService.
  Best Galician Short Film R Award: 500€, Award and discounts on audiovisual material at RCService.
- Premio á mellor curtametraxe española: 500€, Galardón e desconto en material audiovisual en RCService.
  Best Spanish Short Film Award: 500€, Award and discounts on audiovisual material at RCService.
- Mellor curtametraxe de Escolas de Imaxe e Son e Facultades galegas: formación audiovisual por valor de 250€ e Galardón.
  Best Short Film from Galician Cinema Schools and Faculties: audiovisual training worth 250€ and Award.
- Mellor curtametraxe de Escolas Internacionais: Diploma.
  Best Short Film from International Cinema Schools and Faculties: Diploma.
- Mellor curtametraxe de Educación Secundaria: material audiovisual por valor de 150€ e Galardón.
  Best Short Film from Secondary Education: audiovisual material worth 150€ and Award.
- Mellor curtametraxe de Educación Especial, Infantil e Primaria: material audiovisual por valor de 150€ e Galardón.
  Best Short Film from Special Education, Pre-school and Primary: audiovisual material worth 150€ and Award.

EQUIPO DO FESTIVAL

FESTIVAL TEAM

15° Festival Internacional de Cinema de Bueu (FICBUEU) #FICBUEU2022
15th Bueu International Film Festival (FICBUEU) #FICBUEU2022
www.ficbueu.com
info@ficbueu.com

Montero Ríos, 191. Baixo
36930 Bueu-Pontevedra
(Galicia-España)

DIRECCIÓN, PROGRAMACIÓN E PRODUCIÓN
DIRECTION, PROGRAMME AND PRODUCTION
Manuel Pena, María Ruiz-Falcó, Nerea Lores

SUBDIRECCIÓN
SUBDIRECTION
Severiano Casalderrey

AUXILIARES DE PRODUCIÓN
PRODUCTION ASSISTANT
María Rey, Né Ogando

SELECCIÓN DE FILMES
FILMS SELECTION
Severiano Casalderrey, Manuel Pena

COORDINACIÓN MINIFIC
MINIFIC COORDINATION
María Rey

PRENSA
PRESS
David Ferreiro

DIRECCIÓN TÉCNICA
TECHNICAL DIRECTION
Pablo Lamosa

TRADUCIÓN
TRANSLATION
David Pollard

INTÉRPRETE
INTERPRETER
Silvia Carril-Candelas

SUBTITULADO
SUBTITLING
Irma Fernández, Alejandro Vigueras

DESEÑO GRÁFICO
GRAPHIC DESIGN
Simbolóxico Vol.3

FOTOGRAFÍA / VÍDEO
PHOTOGRAPHY / VIDEO
Amador Lorenzo Blach, Adarme Visual

ASISTENTE FOTOGRAFÍA / VÍDEO
ASSISTANT PHOTOGRAPHY / VIDEO
Ana Sánchez

Co financiamento de

CONCELLO DE BUEU

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

Co financiamento do Goberno de España

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE

icaa

Patrocinadores

R

FUNDACIÓN nOvas

AGUSTÍN SANTOMÉ SL

GADIS

CANDELAS

simei GLOBAL CONSULTING

CONSERVAS LAGO PAGANINI

Sponsors

nodosa group

nabia NAVIERA

daveiga

Lapamán área de servicio

LOCAL A Cultigen company

MERAKI FERMENTS

PETCAR

aeme soluciones gráficas

Cabanas de Udra

EUGENIO BLANCO

Restaurante LOUREIRO

3Rs.aldán casas con encanto

Apoia

Colabora

DOMINGO 11	LUNS 12 MARTES 13 MÉRCORES 14 XOVES 15	VERNES 16	SÁBADO 17
			11.00h PRESENTACIÓN CADERNO #3
			12.00h CARNE CRUDA
	17.00h SECCIÓN RETROSPECTIVA 1-4	**17.00h** SECCIÓN DESCUBERTAS	**17.00h** SECCIÓN ESPAÑA
			18.30h COLOQUIO
19.00h ACTO INAUGURAL	**19.00h** SECCIÓN OFICIAL 1-4	**19.00h** SECCIÓN OFICIAL5	**19.00h** SECCIÓN GALICIA R
	20.30h COLOQUIO	**20.30h** COLOQUIO	**20.30h** COLOQUIO
	21.00h SECCIÓN OFICIAL 1-4	**21.00h** SECCIÓN OFICIAL 5	**21.15h** ENTREGA DE PREMIOS
			22.30h CONCERTO DE CLAUSURA

LUNS 19	MARTES 20 MÉRCORES 21 XOVES 22	VENRES 23	SÁBADO 24
	10.00h PROXECCIÓN CENTROS ENSINO	**11.30h** GALA ESCOLAS GALEGAS	
11.00h PROXECCIÓN ESCOLAS CINEMA			**11.00h** CLASE MAXISTRAL ANDRÉI TARKOVSKI
13.30h ENTREGA PREMIOS ESCOLAS CINEMA		**16.00h** OBRADOIRO STORYBOARD	**12.30h** CONVERSA TEMPO E CINEMA
		17.00h CONSERTASSO NA HORTA	**17.00h** MESA REDONDA RITMO E MONTAXE
		18.30h SECCIÓN CURTAS EN FAMILIA	**19.00h** ENCONTRO OLIVER LAXE
			21.00h PROXECCIÓN ZERKALO

Centro Social do Mar · Punto de Encontro · Exterior CSM /Praza Massó · Espazo Xornadas

RESUMO DA PROGRAMACIÓN

DOMINGO 11 *SUNDAY 11th*

19:00H **ACTO INAUGURAL FICBUEU 2022**
OPENING CEREMONY FICBUEU 2022.
Centro Social do Mar. Entrada de balde, retirando invitación no despacho de billetes.
Centro Social do Mar. Entrance free of charge by collecting the invitation at the ticket office.

DE LUNS 12 A VENRES 16
FROM MONDAY 12TH TO FRIDAY 16TH

17:00H (de luns a xoves) **PROXECCIÓNS DA SECCIÓN RETROSPECTIVA**
SCREENINGS OF RETROSPECTIVE SECTION.
Centro Social do Mar. Entrada de balde, retirando invitación no despacho de billetes.
Centro Social do Mar. Entrance free of charge by collecting the invitation at the ticket office.
**From Thursday to Friday.*

17:00H (venres) - **PROXECCIÓN DA SECCIÓN DESCUBERTAS**
SCREENING OF THE DISCOVERIES SECTION.
Centro Social do Mar. Entrada 3€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 3€. Friday 16th.

19:00H **PROXECCIÓNS DA SECCIÓN OFICIAL**
SCREENINGS OF OFFICIAL SECTION
Centro Social do Mar. Entrada 3€. Abono 12€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 3€. Season ticket 12€.

20:30H **COLOQUIOS CON CINEASTAS DA SECCIÓN OFICIAL**
TALKS WITH FILMMAKERS
Punto de Encontro. Entrada de balde.
Meeting point. Free entrace.

21.00H **PROXECCIÓNS DA SECCIÓN OFICIAL**
SCREENINGS OF OFFICIAL SECTION
Centro Social do Mar. Entrada 3€. Abono 12€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 3€. Season ticket 12€.

SÁBADO 17 *SATURDAY 17th*

11:00H **PRESENTACIÓN DO CADERNO FICBUEU#3**
PRESENTATION OF FICBUEU'S MONOGRAPH #3
Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Centro Social do Mar. Free entrance.

12:00H **RADIO: CARNE CRUDA**
RADIO: CARNE CRUDA
Centro Social do Mar. Entrada 5€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 5€.

17:00H **PROXECCIÓN DA SECCIÓN ESPAÑA**
SCREENING OF THE SPANISH SECTION
Centro Social do Mar. Entrada 3€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 3€.

18:30H **COLOQUIO CON CINEASTAS DA SECCIÓN ESPAÑA**
TALKS WITH SPANISH SECTION FILMMAKERS
Punto de Encontro. Entrada de balde.
Meeting point. Free entrace.

19:00H **PROXECCIÓN DA SECCIÓN GALICIA R**
SCREENING OF THE GALICIA R SECTION
Centro Social do Mar. Entrada 3€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 3€.

20:30H **COLOQUIO CON CINEASTAS DA SECCIÓN GALICIA R**
TALKS WITH GALICIA R SECTION FILMMAKERS
Punto de Encontro. Entrada de balde.
Centro Social do Mar. Free entrance

21:15H **ENTREGA DE PREMIOS FICBUEU 2022**
FICBUEU 2022 AWARDS CEREMONY
Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Meeting Point. Free entrance.

22:30H **CONCERTO DE CLAUSURA: TULSA**.
CLOSING CONCERT: TULSA
Praza Massó. Entrada de balde.
Outside the Centro Social do Mar. Free entrace.

E ADEMAIS...
V Mercado da curtametraxe
Podcast Espazo Negativo
VII Ruta das Tapas 5 estrelas
Radio: Espazo Negativo.
VII 5 Stars tapas route.

MINIFIC

LUNS 19 *MONDAY 19th*

11:00H **PROXECCIÓN SECCIÓN ESCOLAS INTERNACIONAIS**
SCREENING OF INTERNATIONAL SCHOOLS SECTION
Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Centro Social do Mar. Free entrance.

13:00H **PROXECCIÓN ESCOLAS DE IMAXE E SON E FACULTADES GALEGAS. ENTREGA DE PREMIOS**
SCREENING OF GALICIAN IMAGE AND SOUND SCHOOLS AND GALICIAN FACULTIES SECTION
Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Centro Social do Mar. Free entrance.

DE MARTES 19 A XOVES 22
FROM TUESDAY 19th TO THURSDAY 22th

SESIÓNS MINIFIC. *MINIFIC SESSIONS.*
Proxeccións para centros de ensino.
Screening open only for schools.

VENRES 23 *FRIDAY 23th*

11:30H **GALA ESCOLAS GALEGAS**
GALICIAN SCHOOLS GALA
Centro Social do Mar. Entrada de balde, retirando invitación no despacho de billetes.
Centro Social do Mar. Entrance free of charge by collecting the invitation at the ticket office.

16:00H **OBRADOIRO DE STORYBOARD**
STORYBOARD WORKSHOP
Espazo Xornadas. Sala Multiusos do Centro Social do Mar. Entrada de balde, retirando invitación no despacho de billetes.
Multi-purpose room. Entrance free of charge by collecting the invitation at the ticket office.

17:00H **CONCERTO MINIFIC: CONSERTASSO NA HORTA**
CONSERTASSO NA HORTA.
Con Brais das Hortas. Exteriores do Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Outside the Centro Social do Mar. Free entrace.

18:30H **PROXECCIÓN DA SECCIÓN CURTAS EN FAMILIA**
SCREENING OF FAMILY SHORT FILMS SECTION
Centro Social do Mar. Entrada de balde, retirando invitación no despacho de billetes.
Centro Social do Mar. Entrance free of charge by collecting the invitation at the ticket office.

I XORNADAS CINEMATOGRÁFICAS

SÁBADO 24 *SATURDAY 24th*

11:00H **CLASE MAXISTRAL: Andrei Tarkovski**.
Con José Manuel Mouriño.
MASTER CLASS: José Manuel Mouriño on Andréi Tarkovski
Sala multiusos do Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Multi-purpose room. Free entrance.

12:30H **CONVERSA: O tempo e o cinema**.
Con Andrea Morán e Daniela Urzola.
CONVERSATION: time and cinema. Andrea Morán and Daniela Urzola
Sala multiusos do Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Multi-purpose room. Free entrance.

17:00H **MESA REDONDA EN LIÑA: O ritmo e as realidades temporais que posibilita a montaxe**.
ONLINE ROUND TABLE: the rhythm and temporary realities that allows editing
Sala multiusos do Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Multi-purpose room. Free entrance.

19:00H **ENCONTRO con Oliver Laxe**
MEETING: Oliver Laxe.
Sala multiusos do Centro Social do Mar. Entrada de balde.
Multi-purpose room. Free entrance.

21:00H **PROXECCIÓN: ZERKALO de Andrei Tarkovski**
SCREENING: ZERKALO, Andrei Tarkovski.
Centro Social do mar. Entrada 3€.
Centro Social do Mar. Entrance fee 3€.

FICBUEU 2022

MÁIS ALÓ DO FESTIVAL

BEYOND THE FESTIVAL

O Festival de Cinema de Bueu esténdese coa celebración das I Xornadas Cinematográficas, a apertura dunha canle e as colaboracións ao longo do ano.

Bueu International Film Festival includes with the celebration of the I Cinema Seminars, the opening of a channel and collaborations throughout the year

I XORNADAS CINEMATOGRÁFICAS: ESCULPINDO NO TEMPO

CINEMA SEMINARS: SCULPTING IN TIME

24 DE SETEMBRO DE 2022
SEPTEMBER 24TH 2022

Novo espazo de pensamento e reflexión sobre a arte do cinema no que cada ano contaremos cunha serie de profesionais que reflexionarán en torno a un aspecto concreto da linguaxe cinematográfica. Nesta primeira edición abordaremos o tratamento do tempo.

A análise do tratamento do tempo no cinema é complexa, xa que son numerosos os elementos que entran en xogo na súa elaboración, dende a posta en escena ata a sala de montaxe. Para abordar este fenómeno esencial da linguaxe cinematográfica, durante a xornada intervirán participantes con diversos perfís, obtendo distintas perspectivas sobre o seu tratamento e como este configura o carácter e sensibilidade das e dos cineastas.

A new space for thought and reflection on the art of cinema in which each year we will have a series of professionals who will reflect on a specific aspect of cinematographic language. In this first ocassion we will deal with the treatment of time.

Analysis of the treatment of time in cinema is complex, since there are numerous elements that come into play in its elaboration, from filming to editing. In order to approach this essential element of the language of cinema, participants with different profiles will take part in the conference, allowing for different perspectives on its treatment and how it shapes the character and sensitivity of filmmakers.

PROGRAMACIÓN

11:00 H - CLASE MAXISTRAL: ANDRÉI TARKOVSKI CON JOSÉ MANUEL MOURIÑO
11:00 AM - Master class: José Manuel Mouriño on Andrei Tarkovski

José Manuel Mouriño é investigador, ensaísta e cineasta. Doutor en Belas Artes pola UVigo, é representante e coordinador na Península Ibérica e Hispanoamérica do Instituto Internacional Andrei Tarkovski. En 2015 publicou *Escritos de juventud de Andrei Tarkovski* e máis recentemente *Andrei Tarkovski y El Espejo. Estudio de un sueño.*
José Manuel Mouriño is a researcher,

teacher and filmmaker. He has a PhD in fine arts from UVigo and is the representative and coordinator of the Andréi Tarkovski International Institute in the Iberian Peninsula and Latin America. In 2015 he published Escritos de juventud de Andréi Tarkovski and more recently Andréi Tarkovski y El Espejo. Study of a Dream.

12:30 H - CONVERSA: O TEMPO E O CINEMA. ANDREA MORÁN E DANIELA URZOLA
12:30 AM - Conversation: time and cinema. Andrea Morán and Daniela Urzola

Encontro no que estas dúas profesionais da crítica cinematográfica se achegarán á obra de diferentes cineastas cunha especial sensibilidade no tratamento do tempo no cinema.

Andrea Morán é programadora de Filmadrid e parte do consello de redacción de Caimán, Cuadernos de Cine. Dirixiu as curtametraxes *Espina. Historia de un regalo fallido*, *Norah* e *Yo siempre puedo dormir pero hoy no puedo*.

Daniela Urzola é crítica de cine. Graduada en Dereito pola Universidade de Cartagena (Colombia) e en Historia do Arte pola Universidade dos Andes. En 2020 cursa o Máster de Crítica Cinematográfica da ECAM. Actualmente colabora en Caimán Cuadernos de Cine e é membro do Consello de Redacción da Revista Mutacións.

A meeting in which these two professionals share their vision of different filmmakers with special attention to the treatment of time in cinema.

Andrea Morán is programmer of Filmadrid and part of the editorial board of Caimán, Cuadernos de Cine. She directed the short films Espin: Historia de un regalo fallido, Norah and Yo siempre puedo dormir pero hoy no puedo.

Daniela Urzola is a film critic. She graduated in Law at the University of Cartagena (Colombia) and in Art History at the University of the Andes. In 2020 she gained a master's degree in film criticism at ECAM. She currently contributes to Caimán Cuadernos de Cine and is a member of the editorial board of Mutacións magazine.

17:00 H - MESA REDONDA EN LIÑA: O RITMO E AS REALIDADES TEMPORAIS QUE POSIBILITA A MONTAXE
5:00 PM – Online Round Table: the rhythm and temporary realities that allows editing

Profesionais da montaxe compartirán experiencias en torno ao seu labor, co foco posto nas particularidades do deseño temporal na narrativa cinematográfica. Neste encontro contaremos con Diana Ramahí como moderadora e coas montadoras e cineastas: Carolina Astudillo, Ana Pfaff e Diana Toucedo.

Film editing professionals will share experiences about their work, focusing on the details of the way time is dealt with in film narrative. This meeting will be moderated by Diana Ramahí and will feature film editors and filmmakers Carolina Astudillo, Ana Pfaff and Diana Toucedo.

19:00 H - ENCONTRO: OLIVER LAXE
7:00 PM - Meeting: Oliver Laxe

Ángel Suanzes conducirá esta conversa co cineasta galego Oliver Laxe. Nesta repasaremos a súa filmografía centrándonos no tratamento temporal da súa obra.

Oliver Laxe fai historia en 2019 ao converterse, canda Víctor Erice, no primeiro cineasta español seleccionado en Cannes coas súas tres primeiras obras, e no único en ser premiado en todas as súas participacións. O seu último filme, *O que arde*, ten participado nos principais festivais da tempada, como San Sebastián, Toronto, Tokio, Londres, Melbourne, Mar del Plata ou Nova York, gañando numerosos premios.

Ángel Suances will lead this conversation with the Galician filmmaker Oliver Laxe. We will review his filmography, focusing on the treatment of time in his work.

Oliver Laxe made history in 2019 by becoming, along with Víctor Erice, the first Spanish filmmaker to be selected at Cannes with his first three films, and the only one to win awards in all his participations. His latest film, O que arde, has been shown in the main festivals of the season, such as San Sebastian, Toronto, Tokyo, London, Melbourne, Mar del Plata and New York, winning numerous awards.

21:00 H - PROXECCIÓN ZERKALO DE ANDRÉI TARKOVSKI
9:00 PM - Screening of Zerkalo by Andréi Tarkovski.

Pecharemos a primeira edición das xornadas cinematográficas coa proxección do filme *Zerkalo* (1975), unha das obras máis representativas do cineasta ruso. Tarkovski é o autor coa visión teórica máis definida do

fenómeno do tempo como medio de expresión emocional. O seu ensaio Esculpir en el tiempo inspira o nome da edición 2022 das xornadas.

Zerkalo non é só unha obra magna do cinema, senón que que constitúe o legado autobiográfico feito arte dun dos cineastas más influíntes da historia. Un filme que é unha mirada ao interior dos resortes emocionais e das lembrazas -fieis ou traizoeiras- que definen ao home tras o artista.

We will close the first of these cinema seminars with a screening of Zerkalo (1975), one of the most representative works of the russian filmmaker. Tarkovski is the director with the most defined theoretical vision of time as a means of emotional expression. His essay Sculpting in Time is the inspiration for the name of the 2022 conference.

Zerkalo is not only a masterpiece of cinema, but also constitutes the autobiographical artistic legacy of one of the most influential filmmakers in history. It is a film that delves into the emotional springs and memory - whether faithful or tragic - that define the man behind the artist.

CANLE FICBUEU

FICBUEU CHANNEL

Neste 2022 o equipo do FICBUEU levará a cabo diferentes entrevistas con convidadas e convidados desta 15ª edición, un contido deseñado específicamente para a web no que contaremos con:

- **Miguel de Lira**: Premio cinema galego FICBUEU 2022
- **Luisa Romeo**: membro do Xurado Galicia R_España.
- **Helena Girón**: membro do Xurado Descubertas
- **Manuela Lazić**: membro do Xurado Oficial.

Por outra banda, as I Xornadas Cinematográficas serán retransmitidas en streaming co obxectivo de chegar a todo aquel público interesado independentemente da súa localización.

Con esta iniciativa pretendemos que unha parte da programación quede rexistrada e forme parte da canle FICBUEU, contribuíndo a súa difusión e visualización despois do evento, xunto co resto de materias de edicións pasadas dispoñible durante todo o ano para a súa consulta en liña.

This year the FICBUEU team will carry out a series of interviews with guests from the 15th festival. This content is designed specifically for the web and will include:

- *Miguel de Lira: Galician Film Award FICBUEU 2022.*
- *Tiba Chagaf: member of the International Jury.*
- *Helena Girón: member of the Discoveries Jury.*
- *Manuela Lazić: member of the Oficial Jury.*

For the other hand, the I Cinema Seminars will be streamed with the aim of reaching all interested audiences regardless.

With this initiative, we intend for part of the program to be registered and form part of the FICBUEU channel, contributing to its dissemination and visualization after the event, with the rest of the subjects of past editions available throughout the year for online consultation.

COLABORACIÓNS

COLLABORATIONS

Máis aló do evento, ao longo de todo o ano o FICBUEU desenvolve numerosas actividades en prol de continuar coa difusión das curtametraxes e de achegar o cinema a lugares nos que non adoita ter presenza.

Dentro dos proxectos, destaca a Área Social FICBUEU, creada en 2016 para achegar a exhibición e creación cinematográfica a colectivos e asociacións habitualmente afastados destas ofertas culturais. A través desta iniciativa e neste 2021-2022, colaboramos coa Asociación Érguete de Vigo e Juan XXIII de Cangas, cuxas usuarias e usuarios levaron a cabo a elaboración completa de dúas curtametraxes que poderemos ver na xornada inaugural da 15ª edición do festival, Sabía que vendrías e A fin do osíxeno respectivamente.

Alén do traballo realizado con estes colectivos, a Asociación FICBUEU desenvolve outros proxectos en colaboración con diferentes entidades coma cineclubes, centros de formación, outros eventos culturais e festivais de cinema. Este 2022 temos traballado conxuntamente coa Librería Númax, o Cineclube de Nigrán, Ambienta Mostra de Cinema LGTBIQA+, Cineteca ou Filmoteca Española, Ibiza Cine Fest ou o FICIE.

Estas sinerxias tamén se estenden a promoción dos Cadernos FICBUEU, realizando presentacións desta publicación tanto dentro como fóra de Galicia.

In addition, FICBUEU carries out a number of activities throughout the year to encourage the dissemination of short films and to bring cinema to places where it does not usually have a presence.

Among the projects, the FICBUEU Social Area stands out, created in 2016 to bring film making and projection to groups and associations otherwise excluded from such cultural events. During 2021-22, we are collaborating with the Érguete Association of Vigo and Juan XXIII of Cangas, whose members completed two short films that will be shown on the opening day of the 15th festival. These are Sabía que vendrías and A Fin do Osíxeno respectively.

Apart from the work carried out with these groups, the FICBUEU Association runs other projects in collaboration with different groups such as film clubs, training centres, other cultural events and film festivals. In 2022 we have worked with Librería Númax, the Cineclube of Nigrán, Ambienta Mostra de Cinema LGTBI-QA+, Cineteca or Filmoteca Española, Ibiza Cine Fest or FICIE.

We also publish Cadernos FICBUEU, and promote this publication both inside and outside Galicia.

Co financiamento de

CONCELLO DE BUEU

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

Co financiamento do Goberno de España

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE · icaa

Patrocinadores

R

FUNDACIÓN nOvas

AGUSTÍN SANTOMÉ SL

GADIS

CANDELAS

simei GLOBAL CONSULTING

CONSERVAS LAGO PAGANINI

Sponsors

nodosa group

nabia NAVIERA

daveiga

Lapamán área de servicio

LOCAL

MERAKI FERMENTS

Restaurante LOUREIRO

EUGENIO BLANCO

3Rs.aldán casas con encanto

Cabanas de Udra

PETCAR

aeme soluciones gráficas

Apoia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

galicia

Xacobeo 21·22

MUSEO MASSÓ

Universidade de Vigo

HOTEL INCAMAR

PACTO CULTURA SUSTENTABLE

Kalandraka

fecimo

SIMBOLÓXICO VOL.2

Halcón viajes

crea

PANTALLA

proxecta coordinadora galega de festivais de cinema

RÍAS BAIXAS FILM FEST

NOUTRORA INFORMÁTICA

GRANIGAL SANMARTÍN SL construcción y canteria

Ver mut LODEIROS

RCSERVICE

FILMOTECA ESPAÑOLA